NOME: MÚSICA: CEP. ALTAMIRA-FICHA

ROSALÍA PEQUENIÑA

Libro- Cd Uxía, ROSALÍA PEQUENIÑA

(Rosalía de Castro 1837-1885)

Rosalía pequeniña
soñaba con ser pirata
a pequena Rosalía
escribía na nosa fala.

A meniña silandeira
a da fala ben maimiña
pequeniña, pequeneira
unha meniña gaiteira.

Rosalía pequeniña
medio meiga, medio fada
ao pé da verde Silveira
chamando pola alborada.

A rebelde e rebuldeira
non é musa nin postal
sube ás ponlas das figueiras
e alí déitase a soñar.

Rosalía, Rosalía...

Rosalía pequeniña
vestida de moitas cores
que non canta nin ás pombas
nin ás delicadas flores.

Rosalía, nena india
Poeta dos nosos días
que pos no sentir do pobo
badaladas de alegría.

Rosalía pequeniña
Medio meiga, medio fada
ao pé da verde Silveira
Chamando pola alborada.

A rebelde e rebuldeira
non é musa nin postal
sube ás ponlas das figueiras
e alí déitase a soñar.

Rosalía, Rosalía...

Rosalía, rosa, Rosalía...
Rosalía , nosa rosa.

LIVEWORKSHEETS